As matemáticas son un conxunto de saberes asociados aos números e ás formas, que permiten a análise de distintas situacións reais. Identifícanse coa dedución, a indución, a estimación, a aproximación, a probabilidade, a precisión, o rigor, a seguridade etc. e axúdannos a enfrontarnos a situacións abertas, sen solución única e pechada. Son unha agrupación de ideas e formas que nos permiten analizar os fenómenos e as situacións que se presentan na realidade para obter informacións e conclusións que non estaban explícitas e actuar, preguntármonos, obter modelos e identificar relacións e estruturas, de modo que comportan, sobre todo, encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas e non só utilizar cantidades e formas xeométricas. Os bloques desta área son:

- Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas.
- Bloque 2: Números
- Bloque 3: Medida
- Bloque 4: Xeometría
- Bloque 5: Estatística e probabilidade.

1ª AVALIACIÓN

BLOQUE 1 PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

OBJETIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS AVALIACIÓN	ESTÁNDARES APRENDIZAJE	GRAO MÍNIMO CONSECUCCIÓN ESTÁNDAR	COMPETENCIAS CLAVE	ELEMENTOS TRANSV.
b g	B1.2. Proposta de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.	B1.3.	MTB1.3.1. MTB1.3.2.	Profundar en problemas resoltos proponendo pequenas variacións nos datos, outras preguntas etc.	CMCT CAA CSIEE	TIC EOE
b e g	B2.2. A numeración romana. B2.3. Orde numérica. Utilización dos números ordinais. Comparación de números.	B2.1.	MTB2.1.1 MTB2.1.2	. Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números	CMCT CCEC CCL CAA	
BLOQUE 4. XEOMETRÍA						
b g i	B4.1. Formas planas e espaciais: figuras planas: elementos, relación e clasificación. B4.2. Clasificación de triángulos atendendo os seus lados e os seus ángulos.	B4.1.	MTB4.1.1.	Coñecer as figuras planas; cadrado, rectángulo, romboide, triángulo, trapecio e rombo.	CMCT CAA CD	TIC EOE
b g	B4.3. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. B4.4. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio e diámetro.	B4.2.	MTB4.2.1. MTB4.2.2	Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	CMCT CAA	

b g	B4.3. Clasificación de cuadriláteros atendendo o paralelismo dos seus lados. Clasificación dos paralelepípedos. B4.4. A circunferencia e o círculo. Elementos básicos: centro, raio e diámetro.	B4.2.	MTB4.2.1 MTB4.2.2	Utilizar as propiedades das figuras planas para resolver problemas.	CMCT CAA
b g	B4.5. Identificación e denominación de polígonos atendendo o número de lados. B4.6. Corpos xeométricos: elementos, relación e clasificación. B4.7. Poliedros. Elementos básicos: vértices, caras e arestas. Tipos de poliedros. B4.8. Corpos redondos: cono, cilindro e esfera. B4.9. Regularidades e simetrías: recoñecemento de regularidades.	B4.3	MTB4.3.1 MTB4.3.2. MTB4.3.3	Identifica e nomea polígonos atendendo o número de lados. Recoñece e identifica poliedros, prismas, pi pirámides e os seus elementos básicos: vértices, caras e arestas Recoñece e identifica corpos redondos: cono, cilindro e esfera e os seus elementos básicos	CMCT CAA

b g h	B4.10. Interpretación de representacións espaciais en situacións da vida cotiá.	B4.4	MTB4.4.1.	Interpretar representacións espaciais realizadas a partir de sistemas de referencia e de obxectos ou situacións familiares.	CMCT CAA CSC
b g	B4.11. Resolución de problemas de xeometría relacionados coa vida cotiá.	B4.5.	MTB4.5.1. MTB4.5.2	Resolve problemas xeométricos que impliquen dominio dos contidos traballados	CMCT CAA CSIEE
2ª AVALIACIÓN					
BLOQUE 2. NÚMEROS					
b e g	B2.1. Números naturais, decimais e fraccións. B2.4. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.	B2.1	MTB2.1.1 MTB2.1.2	Ler, escribir e ordenar utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números	CMCT CCEC CCL CLEOE

b g	B2.10. Descomposición e redondeo de números naturais e decimais	B2.2.	MTB2.2.1.	Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor.	CMCT CAA	
b g	B2.11. Operacións con números naturais: suma, resta, multiplicación e división. B2.12. Identificación e uso dos termos propios da división. B2.13. Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.	B2.3.	MTB2.3.1. MTB2.3.2.	Operar cos números tendo en conta a xerarquía nas operacións, aplicando as súas propiedades, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se realizará	CMCT CAA	CATIC
b g i	B2.18. Estimación de resultados. B2.19. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. B2.20. Automatización de algoritmos. B2.21. Descomposición de números naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras.	B2.4.	MTB2.4.1. MTB2.4.2. MTB2.4.3 MTB2.4.4 MTB2.4.5.	Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	CMCT CAA	CL
3ª AVALIACIÓN						
BLOQUE 2. NÚMEROS						

b e g h	B2.22. Construción de series ascendentes e descendentes. B2.23. Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras. B2.24. Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. B2.25. Utilización da calculadora.	B2.4.	MTB2.4.1. MTB2.4.2. MTB2.4.3 MTB2.4.4 MTB2.4.5.	Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	CMCT CAA	CL
------------------	--	-------	---	--	-------------	----

b e g h	B2.5. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades, decenas, centenas etc. B2.6. O sistema de numeración decimal: valor posicional das cifras. B2.7. O número decimal: décimas e centésimas. B2.8. Fraccións. Representación gráfica. B2.9. Os números decimais: valor de posición.	B2.1.	MTB2.1.1 MTB2.1.2.	Identifica os números romanos aplicando o coñecemento á comprensión de datacións. Le, escribe e ordena en textos numéricos e da vida cotiá, números (naturais	CMCT CCEC CCL CAA	
b g	B2.14. Concepto de fracción como relación entre as partes o todo. B2.15. Operacións con fraccións. B2.16. Operacións con números decimais. B2.17. Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división.	B2.3.	MTB2.3.1. MTB2.3.2 MTB2.3.3.	Aplica as propiedades das operacións e as relacións entre elas. Realiza sumas e restas de fraccións co mesmo denominador na resolución de problemas contextualizados. Realiza operacións con números decimais na resolución de problemas contextualizados	CMCT CAA	CL
BLOQUE 3. MEDIDA						
b e g	B3.1. Elección da unidade máis axeitada para a expresión dunha medida. B3.2. Realización de medicións. B3.3. Estimación de lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos; elección da unidade e dos instrumentos máis axeitados para medir e expresar unha medida.	B3.1.	MTB3.1.1. MTB3.1.2.	Estima lonxitudes, capacidades e masas de obxectos e espazos coñecidos elixindo a unidade e os instrumentos máis axeitados. Mide con instrumentos, utilizando estratexias e unidades convencionais e non convencionais.	CMCT CCL CAA	CLEOE CATIC
g	B3.4. Comparación e ordenación de medidas dunha mesma magnitude. B3.5. Desenvolvemento de estratexias para medir figuras de maneira exacta e aproximada. B3.6. Sumar e restar medidas de lonxitude, capacidade e masa.	B3.2.	MTB3.2.1. MTB3.2.2 MTB3.2.3.	Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade e masa Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.	CMCT	

b g	B3.7. Unidades de medida do tempo e as súas relación. B3.8. Equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos. B3.9. Lectura en reloxos analóxicos e dixitais. B3.10. Cálculos con medidas temporais.	B3.3.	MTB3.3.1	Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións.	CMCT CAA	
b g	B3.11. O sistema monetario da Unión Europea. Unidade principal: o euro. Valor das diferentes moedas e billetes. B3.12. Múltiplos e submúltiplos do euros. B3.13. Equivalencias entre moedas e billetes.	B3.4.	MTB3.4.1.	Coñece a función, o valor e as equivalencias entre as diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas	CMCT CAA CSC	

COMÚNS A TODAS AS AVALIACIÓNS**BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS**

b g e	B1.1. Planificación do proceso de resolución de problemas: análise e comprensión do enunciado.	B1.1B1.2	MTB1.2.1	Comunica verbalmente e reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas:revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.	CMCT CAA CSIEE CCL	EOE
b g	B1.4. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico	B1.5.	MTB1.5.1	Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	CMCT CSC CSIEE	
b g i	B1.5 Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados. B1.6. Integración nas tecnoloxías da información e a	B1.6.	MTB1.6.1.	Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe	CMCT CD CAA	

g	comunicación no proceso de aprendizaxe B1.3. Acercamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.	B1.4.	MTB1.4.1	. Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático	CMCT CAA	
BLOQUE 2. NÚMEROS						
b g	B2.26. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas. B2.27. Resolución de problemas da vida cotiá.	B2.5.	MTB2.5.1 MTB2.5.2.	Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel	CMCT CAA CSIEE	
BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE						
b g	B5.1. Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.	B5.1	MTB5.1.1	Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando recursos sinxelos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais... comunicando a información.	CMCT CAA	
b g	B5.2. Análise crítica das informacións que se presentan mediante gráficas estadísticas.	B5.2.	MTB5.2.1	Facer estimacións baseadas na experiencia sobre o resultado	CMCT CAA	

LIBRE CONFIGURACIÓN “TALLER DE LINGUAS”

Tendo en conta os resultados obtidos polos alumnos de 3º e 5º de EP no curso académico 2015-2016, o claustro de profesores do CPI Padrenda-Crespos decidiu por unanimidade ofrecer como materia de libre configuración en 4º e 6º de EP un Obradoiro de Linguas (Lingua galega e Lingua castelá). A materia impartirase unha vez á semana alternando as dúas linguas da nosa Comunidade.

Esta decisión fundaméntase nas dificultades atopadas no alumnado na expresión oral.

Desta maneira o obxectivo xeral desta materia é desenvolver destrezas e capacidades básicas da competencia en comunicación lingüística.

O cadro que se presenta a continuación dispón os obxectivos que traballaremos de forma anual, xa que, debido a baixa carga lectiva da materia, van a ser os mesmos en cada trimestre.

Co fin de promover unha educación o máis significativa e interdisciplinar posible aproveitaremos o proxecto transversal “Viaxeiros polo mundo” (mencionado no apartado de actividades extraescolares e complementarias desta programación) para desenvolver os obxectivos desta materia baseados

no BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR, da área de Lingua Castelá e Literatura.

OBXECTIVOS	CONTIDOS	AVALIACIÓN CRITERIOS	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	COMPETENCIAS
a c e	Estratexias e normas para o intercambio comunicativo: participación; exposición clara; organización do discurso; escoita; respecto á quenda de palabra; papel de persoa moderadora; entoación adecuada; respecto polos sentimentos, experiencias, ideas, opinións e coñecementos dos e das demais.	B1. 1.	LCB1. 1.1.	Emprega a lingua oral e axusta os rexistros lingüísticos.	CCL CAA CSC
			LCB1. 1.2.	Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.	CCL CAA
			LCB1. 1.3	Escoita as intervencións dos compañeiros e segue as normas para o intercambio comunicativo.	CCL CAA CSC
			LCB1. 1.4	Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.	CCL CAA CSC

e	Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	B1. 2.	LCB1. 2.1.	Emprega recursos lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais.	CCL
a b e	Participación en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	B1. 3.	LCB1. 3.1.	Exprésase cunha pronunciación e unha dicción correctas.	CCL
			LCB1. 3.2.	Expresa as súas propias ideas comprensiblemente.	CCL
			LCB1. 3.3.	Participa activamente en debates , diálogos, e exposicións orais.	CCL CAA CSC CSIEE
			LCB1. 3.4.	Participa nas tarefas de aula, cooperando en situación de aprendizaxe compartida.	
e	Valoración crítica de mensaxes verbais e non verbais.	B1. 4.	LCB1. 4.1.	Amosa unha actitude de escoita atenta	CCL

A avaliación desta materia considerará os criterios seguintes :

- 30% : interese, participación, traballos de investigación.
- 70% : valoración da expresión oral a través de exposicións orais.

5. METODOLOXÍA

O presente curso contaremos cunha soa aula de 4º de primaria de dez alumnos e alumnas.

Tendo en conta que non existe unha metodoloxía que leve a un éxito seguro, decidimos que esta será variada e flexible atendendo aos estilos de aprendizaxe do alumnado, ao tipo de contidos que se desenvolvan, aos obxectivos que se perseguen en cada unidade, ao resultado das avaliacións de cada unha das secuencias de ensino-aprendizaxe, aos reforzos necesarios para superar as dificultades,...; por tanto, e seguindo as directrices que marca o PEC, a aprendizaxe será significativa, seguindo a liña do Construtivismo, e terá como base o traballo das Competencias Básicas dende todos os ámbitos.

Poderíamos compendiar todo isto nos seguintes principios metodolóxicos:

- Respecto ás leis da maduración.
- Comunicación e apertura.
- Individualización e autonomía.
- Socialización.
- Secuenciación.
- Flexibilidade.
- Aprendizaxe construtivo-significativa.
- Formación de hábitos e actitudes.
- Coordinación coa familia.

Especificamente, ditos principios deben facilitar:

1. A conexión co nivel de desenvolvemento real e potencial dos alumnos/as, atendendo as súas diferenzas individuais e partindo do próximo para chegar ó afastado. Esta atención á diversidade requirirá a elaboración de programas específicos que asuman a función compensadora que pretende a Educación Primaria.
2. A comunicación a través do diálogo e a apertura a outras formas de pensar e obrar.
3. Creación dun clima afectivo e rico en vivencias baseadas no respecto mutuo, procurando a motivación necesaria para espertar, manter e incrementar o interese dos alumnos e alumnas.
4. A progresión do xeral ao particular de forma cíclica, en función do pensamento globalizado do alumno/a; tendo en conta a transversalidade do currículo. Reforzaremos así o aprendido nos cursos precedentes, abrindo o coñecemento cara a novos temas.
5. A adaptación da acción educativa ás diferenzas persoais (capacidade, intereses e ritmo de aprendizaxe), como base do desenvolvemento integral e autónomo, espírito de grupo co exercicio da participación e a cooperación, practicando a aprendizaxe grupal, a interacción e interrelación de iguais e de discentes e docentes
6. A organización de contidos, de maneira que exista harmonía entre as metas e os medios que se empregan para conseguilas.
7. Integración activa dos alumnos na dinámica xeral da aula e na adquisición e na configuración das aprendizaxes.

Partirase dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo. Empregarase o xogo como elemento motivador fundamental para a aprendizaxe.

Terase en conta a diversidade do alumnado. Óptase pola flexibilidade adecuada nas diversas situacións de aprendizaxe, a selección da metodoloxía mais aconsellable en

cada caso, (incluso combinando distintos métodos), respectando os distintos intereses e motivacións e os aspectos organizativos espazo-temporais.

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de actividades que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia...

Busca dunha aprendizaxe constructivo-significativa, partindo da consolidación do saber anterior e o reforzo daquel que permita enlazar os organizadores previos co novo coñecemento que se debe adquirir.

Apoio á creatividade de alumnos, alumnas e docentes, como forma diversificada e enriquecedora da comunicación.

O progresivo acceso a formas de conduta máis autónomas e a crecente socialización dos alumnos/as fai obrigada a educación en valores. Esta contéplase na presentación explícita de que conducen á adopción de actitudes positivas sobre o coidado do propio corpo, a conservación da natureza, a convivencia.

O contacto escola-familia como marco afectivo-efectivo de relacións e, por extensión, de toda a comunidade educativa.

Tipo de actividades.

As actividades son o medio para levar acadar a consecución os principios da unidade con vistas a cubrir os contidos e alcanzar os obxectivos, sempre tendo en conta os principios metodolóxicos.

Empregaremos diferentes tipos de actividades:

- *Actividades de introdución-motivación*, que introducen ó alumnado no que han de aprender, como poden ser os debates, a presentación de murais, as lecturas motivadoras ou a presentación de material ou obxectos relacionados co tema a tratar...
- *Actividades de coñecementos previos*, que realizamos para coñecer o que saben dos contidos a traballar, que se realizarán mediante debates ou realización de probas escritas.
- *Actividades de desenvolvemento*, que permiten coñecer os novos contidos: as recollidas no libro de texto, ditados en diferentes linguas, debuxos alusivos á temática traballada, redaccións, fichas de ampliación...
- *Actividades de consolidación*, que relacionan o que sabían co aprendido, con vistas a consolidar as aprendizaxes.
- *Actividades de reforzo e recuperación*, programadas para o alumnado que non alcanzou os mínimos esixibles. Entre as que destacan a realización de fichas de reforzo para a área a traballar, o traballo en equipo con algún compañeiro/a que o guíe e motive nos seus avances...
- *Actividades de ampliación*, enfocadas ó alumnado que superou amplamente as actividades propostas; para elo botaremos man do material de ampliación presente na aula (dvds, cds interactivos, fichas..), libros de lectura e actividades interactivas en rede.

Se se considera preciso poderanse establecer tarefas de reforzo dos contidos aprendidos para realizar na casa. Ademais, enviaranse para casa as tarefas que por falta de tempo ou traballo do neno/a non se rematasen na aula logo dun tempo prudencial para a súa realización

Organización do espazo-tempo

A distribución de espazos fórmase a partir dos seguintes obxectivos:

- a) Incrementar as posibilidades de interacción grupal.
- b) Potenciar na actividade escolar un grao de autonomía suficiente.

c) Permitir o aproveitamento de espazos alleos á propia aula.

No grupo clase pódense dar distintos tipos de agrupamento segundo o tipo de actividade levada a cabo. Segundo o tamaño dos grupos falaremos de: gran grupo, grupo clase, grupos pequenos, e traballo individual.

Ademais coidarase do correcto aproveitamento dos espazos que teñen un uso específico no centro, e que en definitiva son de uso común por parte de todos os alumnos/as (Biblioteca, aula de informática, sala de usos múltiples, patios de recreo, aula de audiovisuais...)

:

A organización do tempo contéplase desde dúas perspectivas claramente diferenciadas:

- ✓ A confección dun horario xeral, co correspondente desenvolvemento das áreas, acorde coa súa óptima temporalización.
- ✓ A elaboración dun horario de actividade docente, no que se presentan as restantes actividades organizativas do centro (coordinación de ciclo, atención a pais, actividades extraescolares, celebracións do centro...)

Atención á diversidade

A atención á diversidade supón un concepto amplo de acción educativa que intenta dar resposta ás dificultades de aprendizaxe, ás discapacidades sensoriais, físicas, psíquicas e sociais, aos grupos de risco, ás minorías étnicas, ao alumnado superdotado, aos inmigrantes, ao alumnado con intereses especiais e a calquera outra necesidade educativa diferenciada e especializada.

Cada alumno e cada alumna ten unha ampla gama de necesidades educativas, debidas á presenza de múltiples factores persoais e sociais (xénero, idade, etapa de desenvolvemento madurativo, motivación, intereses, estilos de aprendizaxe, expectativas, procedencia socioeconómica e cultural, orixe étnica, etc.), que deben ser satisfeitas.

Así, neste curso como medida xeral, adoptaremos as seguintes medidas de atención á diversidade:

1ª Adoptar *organizacións flexibles* dentro da aula, con respecto polos principios básicos da organización e do funcionamento dos grupos, practicando estratexias inter e intragrupo, para potenciar o traballo con grupos heteroxéneos de alumnos e alumnas.

2ª. Realizar *reforzos educativos* encamiñados a dar resposta aos distintos estilos de aprendizaxe ou dificultades transitorias do alumnado (en principio, non significativas).

3ª Planificar e desenvolver un programa coherente de orientación e *acción tutorial* que facilite a resposta educativa ás súas necesidades específicas, permanentes ou transitorias.

Ademais contamos con apoios dentro e fóra da aula, destinados a varios alumnos do curso, e contemplados na programación do D.O do centro.

Sempre que sexa necesario, e como medida de reforzo e afianzamento de contidos traballados, trataremos de empregar material adaptado á diversidade da aula (fichas de reforzo e ampliación, materiais para a realización de medicións e experiencias científicas, aplicación interactivas, material funxible...).

Elementos transversais

Traballaremos o desenvolvemento dos valores que fomenten:

- A igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero.
- A non-discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.
- A aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

- Valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.
- O desenvolvemento sustentable e o ambiente.
- O desenvolvemento do espírito emprendedor, a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- A seguridade viaria a través de accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario/a das vías, en calidade de peón, viaxeiro/a e condutor/ora de bicicletas, e respecte as normas e os sinais, e de que se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

Fomento da lectura

A lectura é un factor esencial do enriquecemento intelectual e constitúe unha actividade clave na educación por ser un dos principais instrumentos de aprendizaxe, cuxo dominio abre as portas a novos coñecementos. Unha deficiente aprendizaxe lectora e unha mala comprensión do lido abocan aos alumnos ao fracaso escolar e persoal. Por iso, a comprensión lectora, ademais de ser un instrumento de aprendizaxe, é un requisito indispensable para que o alumno sinta gusto pola lectura. A lectura estará presente en todas as áreas, non só desde a área de Lingua Castelá e Literatura, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. Traballarase diariamente na aula, concedéndolle gran importancia á comprensión lectora, a lectura individual e en voz alta. Realizaremos frecuentes visitas á biblioteca do centro, e seguiremos co proxecto da biblioteca de aula, que conta cun servizo de préstamo. Esta biblioteca, que será xestionada por dous encargados semanais, o alumnado que o solicite poderá realizar un traballo sobre a lectura (resumo, comentario e debuxo...), e unha vez entregado recibirá unha pegatina para pegar no seu álbum. Ao completar dito álbum (5 traballos), o alumno/a poderá recibir un premio sorpresa pola súa afección á lectura. Ademais neste curso participaremos en todos os proxectos de fomento da lectura que se poñan en marcha dentro ou fóra do centro (hora de ler, carriño de lectura, programas de animación á lectura...) Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura
- Mellorar a pronuncia, entoación, velocidade e o ritmo na lectura.
- Mellorar a comprensión lectora e ampliar o vocabulario desde todas as áreas do currículo.
- Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- Recoñecer a estrutura dun determinado texto (presentación, nodo e desenlace) así como a súa idea principal.
- Identificar aos personaxes protagonistas e secundarios.
- Iniciar ao alumnado no uso do dicionario.
- Potenciar o uso da biblioteca do centro tanto para a busca de información e aprendizaxe e como fonte de pracer.

Prestaremos especial atención á elección dos textos cos que se vai traballar. Trataremos que os textos escollidos sexan motivadores e axeitados ao nivel dos lectores. Traballarase a identificación da estrutura dos diferentes textos, as ideas principais e

secundarias, o sentido dos distintos parágrafos e as relacións que entre eles se establecen.

Os criterios a ter en conta para escoller os textos son:

- Grao de maduración do proceso lector.
- Elección de temas atractivos e interesantes para os alumnos.
- Aumento da dificultade dos textos ao longo do curso.
- Textos variados en canto a contidos e de diferentes xéneros literarios.
- Elección do tipo de letra axeitada aos distintos niveis.
- Ilustracións atractivas e motivadoras.

Educación dixital.

As tecnoloxías da información e a comunicación han de constituír unha ferramenta cotiá nas actividades de ensino e aprendizaxe das diferentes áreas, así como un instrumento de traballo para explorar, analizar e intercambiar información. As TIC forman parte da vida diaria dos nosos alumnos e alumnas, e o seu correcto emprego é cada vez máis demandado na nosa sociedade; por iso neste segundo ciclo de primaria faremos un uso habitual destas ferramentas.

O obxectivo que se pretende alcanzar ao finalizar a escolarización obrigatoria é a consecución por parte do alumnado de competencia dixital. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información ata a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das TIC como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse

Este curso contamos cun ordenador de aula, que será empregado como apoio ás explicacións diarias e para o traballo de diferentes contidos en grupos ou individualmente, empregando para iso recursos interactivos que posúe o ciclo ou que nos proporciona internet. Ademais este equipo está conectado ao encerado dixital, que será un recurso didáctico importantísimo na actividade diaria como apoio ás explicacións por medio do visionado de imaxes, vídeos, para a busca de información e, como non, para a realización de actividades interactivas relacionadas cos contidos traballados.

Ademais, acudiremos á aula de informática do centro, polo menos unha hora semanal para buscar información, realizar traballos, reforzar contidos con programas específicos de todas as áreas, etc. Con isto trataremos de acadar pouco a pouco os seguintes contidos elementais: Utilización do teclado.

Manexo do rato.

Acender e apagar o computador.

Cambiar as propiedades da pantalla.

Emprego do lector de CD/DVD.

Emprego das unidades de almacenamento.

Identificar os elementos do escritorio.

Empregar o botón de inicio.

Utilización das iconas e dos accesos directos.

Abrir programas.

Abrir e pechar ventás.

Apertura e creación de carpetas.

Almacenamento de documentos en carpetas.

Gardar arquivos.

Xestionar a papeleira de reciclaxe.

Navegar por Internet.

Acceso á rede local.

Introducir unha dirección URL para acceder a unha páxina concreta.

Consulta de enciclopedias virtuais.

Emprego de buscadores.
Emprego básico dos procesadores de textos. Emprego de contas de correo electrónico.

Actividades complementarias e extraescolares

Organizaremos, cando menos, unha saída por trimestre, aínda que están pendentes de confirmación xa que inda están a chegar ao centro propostas de distinta índole.

Ademais destas saídas, o alumnado do curso participará naquelas actividades que se organicen a nivel de Centro tales como o Magosto, o Día da Paz, o Entroido, o Día do Libro ...

O presente curso escolar os mestres do CPI Padrenda-Crespos decidimos realizar un proxecto pedagóxico transversal común para todos os alumnos de educación infantil a primaria, debido o grande éxito do proxecto do ano anterior. Así damos continuidade o proxecto anterior "os meus veciños europeos", xa que ampliamos a perspectiva a todo o mundo.

Ademais as Nacións Unidas proclamou o ano 2017 como "ano internacional do turismo sostible para o desenvolvemento". *A designación deste ano internacional intenta promover unha mellor comprensión entre os pobos en todas partes, conducir a que se tome unha maior conciencia da riqueza do patrimonio das diversas civilizacións e levar a unha mellor apreciación dos valores inherentes das diversas culturas, contribuíndo así ó fortalecemento da paz no mundo.*

Este proxecto é unha resposta pedagóxica que permite a integración curricular, a participación da comunidade educativa e do estudante no desenvolvemento das competencias que integran cada materia.

O proxecto partirá dos intereses do alumnado, por iso, cada grupo decidirá no comezo de curso o país co que traballará. O obxectivo final será a exposición trimestral das investigacións feitas por cada clase.

Debido á diferenza de idade dos alumnos (dende os 3 até os 11 anos) decidimos que a elección das actividades a traballar sexa libre, coa intención de que sexa un proxecto flexible que se adapte constantemente ós centros de interese do alumnado.

De maneira esquemática, os contidos a traballar e a temporalización será a seguinte:

1º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	XEOGRAFÍA, BANDEIRA	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	IDIOMA, MOEDA	
	RELIXIÓN	
	MONUMENTOS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	MAGOSTO	Cada grupo preparará xogos populares do seu país
	FESTA DO NADAL	Panxoliñas e ritos típicos
2º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	HISTORIA, PERSONAXES DESTACADOS	EXPOSICIÓN ÚLTIMA SEMANA
	ARTE	
	MÚSICA E CINE	
	DEPORTES	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	ENTROIDO	Disfrace e baile da zona xeográfica
	DÍA DA PAZ	Personaxes destacados de cada unha das zonas e a súa relevancia para a paz.
3º TRIMESTRE		
ACTIVIDADES DE AULA	FLORA	EXPOSICIÓN MAIO
	FAUNA	
	ESPAZOS NATURAIS	
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	DÍA DO LIBRO	Exposición nos taboleiros da biblioteca recomendando libros de autores de cada país.
	GYMKANA	Buscando pistas sobre os países elixidos
	GASTRONOMÍA	Degustación de produtos e pratos típicos de cada país traballado (colaboración co comedor)

6. AVALIACIÓN

□ **Instrumentos de avaliación**

A avaliación é elemento fundamental e inseparable da práctica educativa, que permite recoller, en cada momento, a información necesaria para poder realizar os xuízos de valor oportunos que faciliten a toma de decisións respecto ao proceso de ensino-aprendizaxe. Por tanto, non se pode circunscribir a un só aspecto o momento, senón que se debe estender ao longo de todo o proceso de forma global e sistemática; por unha parte, indicando que obxectivos se conseguen e cales non, e por outra, en que grado de profundidade e onde, como, cando e por que se producen os problemas ou erros. - Observación directa

- Rexistros diarios e descritivos
- Mapas e conceptos
- Probas escritas: controis, identificación, definición
- Probas orais: controis, resposta das preguntas diarias, exposición

-- Revisión de cadernos, libros, materiais e exercicios realizados na aula ou na casa; co fin de observar tanto a calidade como a presentación e coidado na realización dos mesmos. - Entrevistas cos alumnos

- Comportamento, convivencia e respecto cara os demais compañeiros do mesmo curso, distinto curso e cara aos mestres ou profesionais non docente
- Cuestionarios
- Asembleas periódicas de revisión crítica e análise da marcha do proceso de aprendizaxe: tutorías.

□ **Modalidades de avaliación**

- Avaliación inicial, que se realizará ao inicio do curso de maneira que saibamos con certeza as capacidades e actitudes que posúe o alumnado, a valoración dos coñecementos previos, co gallo de adecuar o proceso á realidade das súas posibilidades. Para tal cometido empregaremos a observación directa, o diálogo, a asemblea e a realización de probas escritas.
- Avaliación formativa continua, que, seguindo a metodoloxía anteriormente exposta, será a máis importante para este ciclo. Con ela pretendemos coñecer como se van acadando os obxectivos, capacidades e competencias, de maneira que se poidan realizar os axustes necesarios en todo o momento para lograr un ensino-aprendizaxe máis efectivo. Empregaremos para este tipo de avaliación a observación diaria en todo tipo de actividades, revisión de tarefas escritas (resumos, traballos, cadernos, resolución de exercicios e problemas) e realización de probas orais ou escritas ao remate de cada tema.
- Avaliación sumativa, coa que podemos estimar ao remate do proceso total de aprendizaxe en cada período formativo o dominio das capacidades adquiridas. Polo tanto, avaliaremos o resultado mediante probas obxectivas preferentemente escritas.

□ **Principios de avaliación a seguir**

- Constituirá un medio, non un fin en si mesma.
- Constituirá un proceso continuo, progresivo e sistemático.
- Atenderase ás diferenzas individuais e a todas as necesidades.
- Traballarase conxuntamente entre os mestres que forman o ciclo para deseñar todo o proceso. - Os criterios e as probas serán flexibles.
- Tratarase aspectos cualitativos e cuantitativos.
- Posibilitarase a corrección dos procesos unha vez detectadas as deficiencias.

□ **Criterios de cualificación**

Tendo en conta os instrumentos expostos anteriormente, os criterios que seguiremos á hora de avaliar son os seguintes:

- O traballo diario, tanto na aula como fóra dela, e a realización de actividades individuais ou grupais escritas e orais; a limpeza e coidado dos traballos feitos e do material, participación activa nas rutinas diarias da clase, etc. **20%**
- Probas de avaliación orais ou escritas, que permitan cuantificar obxectivamente a consecución dos obxectivos marcados. Os controis escritos e orais e o traballo de clase e segundo a lexislación vixente valoraremos tendo en conta os seguintes ítems: de 1 a 4- insuficiente, 5- suficiente, 6- ben, de 7 a 8- notable e de 9 a 10- sobresaliente. **70%**
- A actitude, o comportamento diario na aula e respecto ás normas de convivencia. **10%**

Neste curso valorarase en grande medida a actitude do alumnado en todas as tarefas desenvolvidas polo centro, tanto dentro como fóra da aula (bo comportamento, respecto ás normas de convivencia da aula e centro, compañeirismo e participación nas actividades propostas).

En todas as áreas faremos especial fincapé na ortografía, respecto das normas de presentación de traballos escritos (marxes, interliñado, separación de palabras...), lectura e comprensión lectora.

Segundo o acordo acadado en sesión de CCP de cursos anteriores, e tras o acordo unánime do profesorado deste curso, a ortografía restará (reforzo negativo) ou sumará (reforzo positivo) ata dous puntos na nota do exame en función das capacidades do alumno. Nas áreas non lingüísticas a ortografía non influirá no suspenso ou aprobado, pero si na valoración a partir do aprobado.

□ **Avaliación do proceso de ensino.**

Non só se debe avaliar o proceso de aprendizaxe do alumnado, senón tamén o proceso de ensinanza. Neste senso, aos datos aportados pola avaliación continua do alumnado será preciso engadir outros datos referentes á validez da programación das actividades deseñadas, idades de ensinanza deseñadas, dos recursos materiais e persoais utilizados, dos tempos e espazos previstos, da agrupación do alumnado, dos criterios de avaliación aplicados e da propia actuación do profesor. A avaliación da intervención educativa será continua, polo que convén tomar datos ao longo de todo o proceso para facer os cambios axeitados no momento oportuno.

Co fin de establecer unha avaliación plena de todo o proceso, ao finalizar o presente curso avaliarase por escrito os resultados acadados durante o mesmo. O obxectivo será o establecemento de conclusións finais e posibles modificacións na programación de cara ao vindeiro curso, posto que esta é flexible e pódese adecuar ás características tanto do alumnado para acadar unha mellora. Para tal efecto propóñense os seguintes indicadores de avaliación:

- ✓ Desenvolvemento na clase da programación.
- ✓ Relación entre obxectivos e contidos.
- ✓ Adecuación de obxectivos e contidos ás necesidades reais.
- ✓ Adecuación de medios e metodoloxía ás necesidades reais.

Para o procedemento de avaliación do proceso de ensinanza e da práctica docente terase en conta:

- ✓ Organización e coordinación do equipo.
- ✓ Planificación das tarefas. Dotación e distribución de tempo e recursos, e selección do modo de elaboración.
- ✓ Ambiente de traballo e participación. Clima de consenso e aprobación de acordos. Implicación dos membros. Relación e implicación dos pais/nais. Relación entre os alumnos/as, e entre os alumnos/as e os profesores/as.